

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA O APOIO Á REALIZACIÓN DE EXPOFERR 2023, FEIRA DE SUBMINISTRACIÓNS E FERRETERÍA INDUSTRIAL, PROTECCIÓN LABORAL E MAQUINARIA

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. María Nava Castro Domínguez, directora da Axencia Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 120/2020, do 10 de setembro (DOG núm. 185, do 11 de setembro), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra parte, D. Ricardo José Durán Rodríguez, en representación da Fundación Semana Verde de Galicia constituída mediante escritura notarial nº 218 de data 16 de marzo de 1991, e acreditando a súa representación en función de seu cargo de director xeral a través da escritura notarial nº 1136 de data 27 de decembro de 2013.

As partes que interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que teñen conferidas para conveniar en nome das entidades que representan,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio,



entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo dentro da comunidade autónoma.

Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a Fundación Semana Verde de Galicia é unha fundación do sector público de Galicia, nos termos previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público e autonómico de Galicia, constituída no ano 1991, quedando baixo Protectorado da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A Fundación ten entre os seus obxectivos a dinamización de sectores estratéxicos da economía galega no recinto Feira Internacional de Galicia, para o que dispón da probada solvencia técnica e profesional e económico-financeira así como das infraestruturas e instalacións precisas, con capacidade para a promoción nacional e internacional das actividades que no devandito recinto se desenvolvan.

En consonancia con estes obxectivos institucionais, a dita Fundación é impulsora da organización e realización da feira profesional EXPOFERR, relativa ao fomento dun dos sectores que abastecen ós principais sectores industriais do tecido empresarial de Galicia. Esta feira, que nace no 2016, é a única feira profesional de subministracións e ferraxería industrial, protección laboral e maquinaria que se realiza no noroeste peninsular, ofrecendo un espazo no que se combinan de forma efectiva promoción, negocio e encontro sectorial. Nace como resposta a unha necesidade da canle de distribución industrial de ter un espazo no que mostrar as súas posibilidades. A EXPOFERR acoden fabricantes nacionais e internacionais con prestixio, traxectoria e profesionalidade no sector. A previsión de execución inicialmente era de carácter bianual.

Terceiro.- A II Feira Profesional de Subministración e Ferraxería Industrial, Protección Laboral e Maquinaria, EXPOFERR 2018, que tivo lugar os días 29 e 30 de xuño no recinto Feira Internacional de Galicia Abanca, contou cunha afluencia de 2.150 profesionais de



distintos sectores. Con esta cifra de asistencia, que supera amplamente os 1.500 profesionais que acudiran á anterior edición, cúmprense os obxectivos marcados pola organización.

Os asistentes acudiron para coñecer os produtos e novidades dos 64 fabricantes nacionais e internacionais que concorreron naquela edición. As empresas representaron a 220 marcas, as cales ocuparon unha superficie próxima ós 3.000 metros cadrados. Unhas cifras que respecto ás da pasada edición supuxeron un 83% máis de firmas, un 71% máis de expositores directos e o triplo de espazo.

A pandemia e as súas posteriores consecuencias impediron que tivese lugar a edición do 2020.

Cuarto.- A III Feira Profesional de Subministración e Ferraxería Industrial, Protección Laboral e Maquinaria, EXPOFERR 2023, tivo lugar no recinto da Feira Internacional de Galicia Abanca en Silleda, os días 9, 10 e 11 de febreiro de 2023.

Tralos éxitos acadados na segunda edición, conseguiuase un incremento moi considerable nesta terceira edición en canto a profesionais, expositores, marcas representadas e actividades relacionadas. Contouse coa participación de máis de 100 expositores que representaron a máis de 320 marcas procedentes de 11 países, nun espazo que ocupou 6.000 m² expositivos. A asistencia situouse por riba dos 3.250 profesionais, pertencentes ós principais sectores industriais e de servizos do tecido empresarial galego. Unha vez máis EXPOFERR 2023 foi punto de encontro para un maior coñecemento do produto a través de demostracións e xornadas técnicas programadas ó longo dos tres días da feira.

Esta edición coincidiu ademais coa asemblea anual de ASIDE (Agrupación de Subministracións Industriais de España, S.L), principal grupo de compras do sector a nivel nacional, que aglutina a 36 asociados de distintas zonas de España e cun volume de compra conxunto de máis de 200 millóns de euros, e que asistirán como invitados de honra a EXPOFERR 2023, dando á feira unha transcendencia de carácter nacional.

O aloxamento de expositores e socios de ASIDE estivo reservado en coñecidos hoteis de Santiago de Compostela polo que, tras cada xornada, tiveron a oportunidade de coñecer a



capital de Galicia. Ademais, o 9 de febreiro organizouse unha cea con tódolos expositores e socios de ASIDE que serviu para dar a coñecer o mellor da nosa gastronomía.

A difusión dun evento destas características leva aparelado un importante despregue publicitario en distintos medios e a través de diversas canles de comunicación, para garantir o maior número de impactos posibles.

Durante os días do certame profesionais de todo o tecido empresarial galego visitaron a feira, con relevancia en automoción, naval, auxiliar, alimentaria, servizos, construcións metálicas,... EXPOFERR está enfocada principalmente cara os responsables de compras, responsables de prevención, responsables de produción,... en definitiva ós profesionais dos sectores industriais.

Non hai dúbida de que as grandes feiras, congresos e eventos supoñen un gran impacto económico e turístico que chega máis aló mesmo das datas que abarca o evento. Hoteis e restaurantes, independentemente do seu número de estrelas ou prezo, conseguen a plena ocupación durante a celebración de eventos, mellorando incluso o puntal que se alcanza durante os períodos de vacacións.

O artigo 94 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, regula o fomento do turismo mediante a elaboración, pola Administración da Xunta de Galicia, de programas para potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan acadar, unha serie de obxectivos, entre os que se atopa a diversificación da oferta turística, co impulso da segmentación mediante o apoio ao desenvolvemento, entre outros, do turismo de reunións.

Quinto.- Que o presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Turismo de Galicia. Esta Axencia entende que é de interese público para o turismo de Galicia a participación nesta feira profesional e encontros de negocio, para o maior desenvolvemento e coñecemento da realidade e potencialidade da nosa Comunidade Autónoma, razóns que xustifican o interese público para o outorgamento da subvención.



Así mesmo, e dado que se trata da única feira profesional de subministración e ferraxería industrial, protección laboral e maquinaria na nosa Comunidade Autónoma, ofrecendo un espazo no que se combinan de forma efectiva promoción, negocio e encontro sectorial, e que está organizada en exclusiva pola Fundación, non é posible promover unha convocatoria pública, aos efectos establecidos nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Sexto.- Que a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación consideran necesaria a subscripción dun convenio de colaboración para a realización da feira profesional EXPOFERR 2023, e dos encontros programados nela, para o fomento e promoción de Galicia a través do turismo de reunións.

A tal efecto, as partes subscriben o presente convenio que se suxeitará ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Semana Verde de Galicia para a organización e realización da feira profesional EXPOFERR 2023, Feira de Subministracións e Ferraxería Industrial, Protección Laboral e Maquinaria, que tivo lugar entre o 9 e o 11 de febreiro do 2023, no recinto da Feira Internacional de Galicia Abanca en Silleda.

Segunda.- Orzamento e financiamento e gastos subvencionables

O orzamento estimado para a realización de EXPOFERR 2023 ascende a 50.000,00 € (IVE incluído) que se distribúen como se sinala a continuación:



Concepto	Importe
Stand e mobiliario expositores	15.000,00 €
Promoción e medios de comunicación	15.000,00 €
Desprazamentos e loxística	3.000,00 €
Aloxamento	10.000,00 €
Manutención	7.000,00 €
TOTAL	50.000,00 €

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia, financiará a contía de **50.000,00 €** (100%), con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.743.01, proxecto 2015 00006, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023. A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para a realización das actuacións só cubrirá o custo da realización da actividade sen que a Fundación obteña beneficio ou lucro industrial algún coa dita achega.

2. Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse **gastos subvencionables** aqueles que de xeito indubidable responden á natureza da actividade subvencionada e que se realicen **a partir do 1 de xaneiro de 2023**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Sen prexuízo do anterior, na contratación externa que poida efectuar a Fundación Semana Verde para levar a cabo as actuacións expresamente subvencionadas no convenio, deberá someterse á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ao ter a consideración a Fundación Semana Verde de poder adxudicador.

Terceira.- Obrigas da Axencia Turismo de Galicia

A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través de realización dun investimento polo importe establecido na cláusula segunda. Esta achega da administración faise para compensar os custos nos que



vai incorrer a Fundación no desenvolvemento das actuacións previstas, e unha vez que a Fundación achegue a correspondente xustificación dos gastos efectuados.

Cuarta.- Obrigas da Fundación

A Fundación comprométese a:

1.- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.

2- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da **Xunta de Galicia** e incluír a **marca turística de Galicia**, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).

3-. Así mesmo con anterioridade á sinatura do convenio, a Fundación presentará unha declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino do investimento.

5- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

6- Executar as actuacións obxecto do convenio.



7- Presentar, con anterioridade á sinatura do convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

8- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que resulten aplicables.

Quinta.- Compatibilidade.

De acordo co disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexta.- Xustificación e libramento dos fondos.

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de **conta xustificativa** con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do seu Regulamento, e conterá con carácter xeral coa seguinte documentación:

-Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

-Memoria económica xustificativa das actividades realizadas, que contará:

- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade.
- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa do seu pagamento.



c) Declaración doutras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

d) De ser o caso, os tres orzamentos que en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario.

De ser o caso, o expediente de contratación que tramitou a Fundación Semana Verde.

e) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.

A Fundación presentará así mesmo as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia, e detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e a marca turística de Galicia.

Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar a Axencia, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Fundación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do seu Regulamento.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o **31 de outubro de 2023**.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Non obstante, non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e sempre que se xustifique o importe total do orzamento estimado para cada unha das actuacións.

O beneficiario, de conformidade co disposto no artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia poderá subcontratar totalmente a actividade subvencionada, sendo de aplicación o disposto no citado artigo.

Sétima.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por un representante designado pola Fundación e un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

Oitava.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia- Axencia Turismo de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa, indirecta ou subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Novena.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023, e financiará gastos correspondentes ás actuacións desenvolvidas para o cumprimento dos obxectivos nel establecidos, e que se realicen a partir do 1 de xaneiro do 2023.

Décima.- Resolución e modificación do convenio

1. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.



Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo primeira.- Publicidade do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adelante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo segunda.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.



Décimo terceira.- Natureza xurídica e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.2. Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdicional as citadas controversias.

Décimo cuarta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o



interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubrícano por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

Pola Axencia Turismo de Galicia
A directora

Pola Fundación Semana Verde de Galicia
O director xeral

María Nava Castro Domínguez

Ricardo José Durán Rodríguez

